



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	As Ciencias Sociais no Ensino Secundario	Código	652604412	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pérez Guilarte, Yamilé	Correo electrónico	yamile.perez@udc.es	
Profesorado	Pérez Guilarte, Yamilé	Correo electrónico	yamile.perez@udc.es	
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L			
Descrición xeral	Esta materia constitúe unha dimensión crave na formación docente do profesorado, xa que se centra nos procesos de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. Con ela preténdese dar a coñecer os contidos curriculares da materia desde unha perspectiva reflexiva e atenta aos diversos graos de concreción do currículo. Ademais, ten como obxectivo o estudo da evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, as súas perspectivas e enfoques actuais e as súas achegas educativas para a Educación Secundaria e o Bacharelato.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Actividades iniciais - Análise de fontes documentais - Sesión maxistral - Aprendizaxe colaborativa - Traballos tutelados - Presentación oral</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Non se realizarán cambios. A única modificación é que o traballo realizarase a través das ferramentas online: Moodle, Teams, Stream).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado a través dos foros.</p> <p>Teams: 1 sesión semanal ou mais segundo o demande o alumnado para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?, sempre no horario da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios. A única modificación é que será de forma telemática. Os traballos serán entregados ou presentados a través das diferentes ferramentas informáticas (Teams, Moodle, Stream) e o alumnado realizará o traballo colaborativo de forma telemática.</p> <p>*Observacións de avaliación: Ao alumnado que non superara a avaliación continua, orientaráselle para a mellora daquela tarefa ou tarefas nas que non se acadara a máxima puntuación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Coñecer o valor formativo do ensino das Ciencias Sociais na Educación Secundaria e no Bacharelato.		AP1	BP6	CP4
		AP2	BP8	CP6
		AP11	BP14	CP7
				CP8
				CP9



Adquirir as competencias necesarias para o ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais na Educación Secundaria e no Bacharelato.	AP2 AP8 AP9 AP11 AP12 AP14	BP1 BP2 BP5 BP8 BP14	CP1 CP3 CP4 CP6 CP7 CP8
Coñecer o currículo das ciencias sociais da Educación Secundaria e do Bacharelato. Analizar as metas educativas, a selección e organización dos contidos, as estratexias de ensino e aprendizaxe e os criterios e formas da avaliación.	AP2 AP4 AP5 AP6 AP7 AP10	BP2 BP3 BP4 BP5 BP8	CP3 CP4 CP6 CP7 CP8
Reflexionar sobre a evolución do ensino das Ciencias Sociais, as súas perspectivas e enfoques actuais e as súas aportacións educativas.	AP3 AP11 AP12 AP13	BP1 BP6	CP3 CP4 CP6 CP7 CP8
Adquirir competencias para transferir á práctica os coñecementos teóricos e deseñar propostas didácticas innovadoras que melloren as prácticas de ensino e aprendizaxe das ciencias sociais no contexto educativo da etapa de Educación Secundaria e o Bacharelato.	AP4 AP5 AP6 AP7 AP8 AP13	BP3 BP4 BP6 BP8	CP3 CP4 CP6 CP8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. As Ciencias Sociais no currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.	<ul style="list-style-type: none"> - A Didáctica das Ciencias Sociais como área de coñecemento. - As competencias do profesorado no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. - As Ciencias Sociais, Xeografía e Historia nos currículos de ESO e Bacharelato: obxectivos, competencias, contidos e instrumentos metodolóxicos. - Valor formativo do ensino das Ciencias Sociais nestes niveis educativos.
Tema 2: A evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, perspectivas actuais e achegas educativas.	<ul style="list-style-type: none"> - Evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais: modelos curriculares. - Perspectivas e enfoques actuais das Ciencias Sociais e as súas achegas educativas.
Tema 3. Modelos didácticos na ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais na Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.	<ul style="list-style-type: none"> - Concepcións e dificultades que presentan os alumnos/as en relación cos contidos sociais. - Modelos didácticos no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais e as súas relacións coas ciencias referentes. Influencia na selección dos contidos de Ciencias Sociais e nas estratexias de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais e as actividades. - Orientacións e criterios para a análise e a elaboración de materiais curriculares. A avaliación en Ciencias Sociais. As unidades didácticas en Ciencias Sociais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A10 B6	1	3	4
Análise de fontes documentais	A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4	2	6	8



Traballos tutelados	A14 A13 A12 A11 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8	5	24	29
Presentación oral	A14 A9 B8 C3 C1 C4	2	8	10
Sesión maxistral	A9 B1 B3 B4 B5 C6 C4	14	6	20
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C9 C7	4	17	21
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Antes de iniciar os temas do programa desenvolveranse actividades que permitan coñecer os saberes previos do alumnado respecto ás ciencias sociais, as competencias, intereses e motivacións que posúen para o logro dos obxectivos finais que queremos alcanzar nesta materia
Análise de fontes documentais	Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais.
Traballos tutelados	A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.
Presentación oral	Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común e toma de decisións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais Sesión maxistral	Os traballos terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A14 A9 B8 C3 C1 C4	Presentación dos traballos desenvolvidos na aula en pequenos grupos.	20



Traballos tutelados	A14 A13 A12 A11 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8	Elaboración dun traballo en grupo acerca dalgunha das temáticas dentro do ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.	40
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C9 C7	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.	20
Análise de fontes documentais	A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4	Realización de análises e reflexións a partir de diversas fontes documentais.	20

Observacións avaliación

Na avaliación terase en conta a actitude, interese, participación e dedicación á materia, tanto na aula como fora da mesma. Aquel alumnado que non supere a avaliación continua a partir das metodoloxías presentes na materia terá que superar unha proba obxectiva.

Fontes de información

Bibliografía básica	Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó. Batllori, R. y Casas, M. (2000). El conflicto y la diferenciación. Conceptos clave en la enseñanza de las ciencias sociales. Lleida: Editorial Milenio. García Pascual, F.; González Gallego, I.; López Facal, R.; Moradiellos, E.; Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Valls, R. (2011). Geografía e historia. Complementos de formación disciplinar. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 1. Barcelona: Editorial Graó. Grupo Ínsula Barataria (Coord.) Enseñar y aprender ciencias sociales. Algunas propuestas de modelos didácticos. Madrid: Mare Nostrum Ediciones Didácticas. Hernández, A. M. (Coord.) (2019). Estrategias y recursos didácticos para la enseñanza de las Ciencias Sociales. Madrid: Ediciones Pirámide. Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Santacana, J.; Souto, X.; Trepal, C. A. (2011). Didáctica de la geografía y la historia. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 2. Barcelona: Editorial Graó.
Bibliografía complementaria	Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas para complementar o traballo en clase.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental. A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos pessoais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

